O Plan Proxecta é unha iniciativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en colaboración con diferentes organismos da administración autonómica dirixida a fomentar a innovación educativa nos centros públicos a través de programas que desenvolvan de xeito paralelo as competencias básicas e a educación en valores.
Trátase dun plan que busca un avance nas dinámicas de mellora da calidade educativa favorecendo a innovación nos propios centros a través de programas externos que leven á motivación e ao traballo activo e colaborativo do alumnado e do profesorado implicado.

Para iso, o obxectivo central deste plan é construír modelos de mellora mediante proxectos interdisciplinares integrados na programación xeral anual que teñan un alto potencial de transferibilidade tanto no propio centro no que se orixinan como no resto da comunidade educativa galega.

Os nosos proxectos

12 meses, 12 paisaxes

12 meses 12 paisaxes terá por finalidade un mellor coñecemento da paisaxe próxima ao alumnado. Concienciar sobre a importancia do seu valor natural, cultural, emocional e económico e como ferramenta para conseguir un territorio máis sostible.
Con obradoiros nos centros, invitarase a desenvolver unha proposta educativa baseada no apadriñamento polo alumnado dunha pequena área na súa comunidade onde poda propor unha mellora paisaxística asumible pola comunidade educativa.
Espérase do alumnado, ademais do vencello dos seus coñecementos curriculares co seu entorno, unha actitude proactiva motivada por valores de respecto do medio ambiente, a convivencia, a identificación cultural, así como o desenvolvemento da súa capacidade para traballar en equipo, aportando iniciativa persoal e aportando propostas positivas para a súa sociedade.

meteoescolas

O programa MeteoEscolas propón a posta en marcha nos centros do proxecto “O meu clima”, no que o alumnado desenvolverá de xeito interdisciplinar competencias en investigación medioambiental mediante a observación directa do clima na súa escola e a comparativa cos datos do seu arredor. O alumnado, coa supervisión do profesorado, tomará os datos de precipitación, temperaturas máxima e mínima na súa MeteoEscola. Unha vez introducidos na web de MeteoGalicia os datos permiten obter unha serie de estatísticos como a temperatura máxima media de cada mes, a precipitación acumulada, etc, o que serve logo para a creación dos climogramas correspondentes. Isto tamén permite comparar estes datos con outras MeteoEscolas do arredor ou coas estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia, así como coas situacións sinópticas mais típicas que afecta a Galicia.

recíclate con SOGAMA

“Recíclate con Sogama" é un programa para fomentar a recollida selectiva a través de illas de reciclaxe escolares que Sogama facilitará aos centros participantes. O profesorado contará con formación inicial nas dependencias de Sogama en Cerceda (A Coruña), con recursos didácticos en soporte dixital e con material divulgativo de apoio para a creación dun proxecto interdisciplinar e cooperativo centrado na actividade diaria de separación do lixo por parte do alumnado participante. Este proxecto pode incluír a realización de actividades educativas diversas como o xogo dos residuos de Sogama, obradoiros de reutilización de reciclaxe, desenvolvemento dunha campaña publicitaria para fomentar a reciclaxe en calquera soporte multimedia etc., dirixidas sempre a fomentar o traballo en grupo e a colaboración entre o alumnado así como a autonomía, o espírito crítico, a autonomía persoal e a conciencia medioambiental e de desenvolvemento sostible dos recursos.